

Exposición

## Nos dominios da urxencia

Arte e sociedade na Coruña da Transición

(1973-1986)



Galga. Xoti de Luis (detalle)

**DATAS** do 30 de marzo ao 30 de xuño de 2019

**LUGAR** sala principal de exposicións da planta baixa

**PRODUCCIÓN** Fundación Luis Seoane

**COMISARIO** Xurxo Taxes

*Nos dominios da urxencia. Arte e sociedade na Coruña da Transición (1973-1986)* é un proxecto centrado nas manifestacións artísticas e culturais levadas a cabo na Coruña durante o período transcorrido entre os anos previos á morte de Franco e a entrada de España na Comunidade Europea por colectivos como Sisga, A Carón, Galga, Novos Fotógrafos Coruñeses e Gruporzán, unha etapa que coincidiu co maior aumento demográfico na historia da cidade e cunha serie de cambios sociais, urbanísticos e políticos que a transformarían radicalmente.

O propósito da exposición é dar a coñecer a historia das persoas, dos espazos e das circunstancias que propiciaron aquela explosión de creatividade, inspirada tanto polos movementos de Vangarda como polo asociacionismo cultural antifranquista, que se desenvolveu nun lugar e nun momento concretos, na Coruña dos anos setenta e oitenta. Para iso, o comisario da mostra, Xurxo Taxes, elaborou un percorrido cronolóxico no que se recollen por vez primeira manuscritos, correspondencia, folletos, carteis, publicacións, fotografías, audiovisuais, así como o rexistro das accións realizadas polos distintos grupos e artistas, e dos espazos formais (museos, galerías, etc.) e informais (tabernas, pubs) nos que tiveron lugar os proxectos e iniciativas daquel período, como as galerías Ceibe e Mestre Mateo, a Aula de Cultura Lume, a tasca Enrique ou o pub O Patacón, por citar só algúns exemplos.

A este material engádesse ademais unha serie de 28 entrevistas realizadas en 2007 por Belén Montero e Juan Lesta para a Fundación Luis Seoane a creadores que coñeceron ou desenvolveron a súa actividade nesa época.

O título da exposición está extraído da colaboración de Lois Pereiro no volume *De amor e desamor* publicado en 1984 polo colectivo poético coruñés do mesmo nome. Esta elección por parte do comisario da exposición responde á vontade de subliñar o carácter urxente e inaprazable de transformación política, cultural e social que a cidadanía experimentaba entón, e tamén ao emprego por parte dos novos – protagonistas deste proxecto- da acción colectiva como instrumento da renovación das experiencias artísticas naqueles anos convulsos.

#### AS OBRAS

A exposición recolle o rexistro das montaxes e as accións dos diferentes grupos, como as filmacións dos happenings do colectivo A Carón realizadas por TVE na Coruña e do director Manuel Abad no psiquiátrico compostelán de Conxo, ou o super 8 de Galga, así como as obras dos artistas e creadores que formaron parte dos distintos colectivos:

**Sisga.** Obras de Fernando García Varela, Gonzalo Viana, Xosé Espona, Bea Rey, Tino Rodríguez, Klaus Stiernerling e Federico Barranco.

**Grupo de arte experimental A Carón.** Recupérase unha tea neoexpresionista de Alberto Carpo realizada durante un happening na galería Mestre Mateo, así como un pendón de papel no que Ánxeles Penas practicou poesía automática coa participación do público.

**Grupo do Castro.** Debuxos de Xesús Campos e abstraccións de Rosendo e Xosé Díaz.

**Galga.** Escultura de Mon Vasco, pintura de Xaime Cabanas, César Otero, Chelín, Correa Corredoira, Xoti de Luis, poesía experimental de Xavier Seoane, o deseño orixinal de Alfonso Abelenda para a portada da revista La Galga, así como varias colaboracións para os números 0 e 1 desta publicación a cargo de Manuel Rivas, Cruz Pérez Rubido e outros.

**Novos Fotógrafos Coruñeses.** Fotografías de Xosé Abad, Vari Caramés, Luis Carré, Xulio Correa, Xurxo Lobato, Xoán Piñón e Manuel Vilariño.

**Gruporzán.** Colección de gravados dos diferentes artistas que formaron parte deste colectivo fundado en 1984.

Por último, a mostra inclúe a proxección da película en 16 mm *A cidade que se nos vai* realizada por Equipo Imaxe/Carlos Piñeiro no ano 1979, e unha videocreación inspirada nas esculturas de Suso Montero *Figuras lixeiras* (VVAA, 1984), dúas pezas que fan referencia ao espazo público.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

**FUNDACIÓN LUIS SEOANE**

[emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)

Tel. 981 216 015